

Cobertura do bosque de ribeira do Sar e Sarela no concello de Santiago de Compostela

ALUMNADO: BIOLOXÍA-XEOLOXÍA - 4º ESO AB (2012-2013).

PROFESOR: Leopoldo Bahillo Varela.

Departamento: BIOLOXÍA-XEOLOXÍA do IES de Sar (Santiago de Compostela).

Resume

Estudamos a cobertura do bosque de ribeira dos ríos Sar e Sarela ao seu paso por Santiago de Compostela. Tratamos de analizar se este bosque, ou polo menos as súas especies arbóreas, están aínda ben representadas e non están en perigo de desaparecer do concello polo impacto urbanístico.

Introdución

As formacións vexetais de porte arbóreo que se atopan nas ribeiras de auga doce e atópanse sometidas ao réxime de crecidas derivado da dinámica fluvial, reciben o nome de bosques de ribeira, bosques galería, bosques aluviais, bosques ripícolas ou ripisilva. O responsable da existencia de esta vexetación arbórea de ribeira está condicionada e intimamente ligada a presenza das masas de augas superficiais e canalizadas.

Estes ecosistemas caracterízanse por especies e formas biolóxicas diferentes dos contiguos, trátase de auténticas “illas”, que presentan faunas e floras usualmente constituídas por un número elevado de especies e individuos moito máis numerosos que nos espazos adxacentes, teñen unha gran biodiversidade, son ecosistemas que serven de nexo entre os medios aéreos e os acuáticos.

A distribución da flora nas inmediacións do canle diminúe os efectos das crecidas e avenidas que sen o bosque de ribeira, pode ter efectos devastadores cando a auga sae do seu canle sen control e erosiona as zonas limítrofes.

Obxectivos

Analizar a cobertura arbórea das ribeiras dos ríos Sar e Sarela o seu paso por Santiago de Compostela.

Material e Métodos

Hardware: PCs.

Software: Google Earth, Microsoft Office Word e Microsoft Office Excel.



Coa a ferramenta regra de Google Earth marcamos a ruta sobre o canle do río Sar e Sarela, medimos linealmente as zonas arboradas e as valeiras, os resultados os trasladamos a unha folla de cálculo, indicando as coordenadas de inicio e fin do tramo estudado e sinalamos en metros a lonxitude de ribeira que ten ou non cobertura arbórea.



Resultados

RÍO SAR

COORDENADAS		COBERTURA	NON COBERTURA
NORTE	OESTE	(metros)	(metros)
42° 52' 37,23''	8° 31' 52,58''	590,00	0,00
42° 52' 03,19''	8° 32' 45,97''	550,60	0,00
42° 43' 32''	8° 39' 82''	492,00	0,00
42° 43' 54''	8° 93' 25''	0,00	1290,00
42° 44' 34''	8° 39' 27''	1127,00	0,00
42° 52' 36,77''	8° 31' 48,67''	124,73	37,2
42° 52' 36,68''	8° 31' 48,83''	99,44	6,00
42° 52' 37,11''	8° 31' 53,75''	106,98	27,88
42° 52' 26,40''	8° 32' 1,63''	194,00	0,00
42° 52' 21,49''	8° 32' 6,90''	0,00	84,54

42° 52' 17,21''	8° 32' 10,74''	927,57	0,00	
42° 52' 2,68''	8° 32' 38,14''	0,00	136,44	
42° 51' 59,41''	8° 32' 41,74''	376,72	0,00	
42° 51' 57,16''	8° 34' 44,63''	0,00	244,27	
42° 51' 52,09''	8° 34' 36,37''	0,00	244,27	
42° 43' 07''	8° 39' 39''	2493,00	3,00	
42° 25' 37,58''	8° 31' 40,36''	230,00	0,00	
42° 25' 47,19''	8° 31' 12,60''	100,00	0,00	
42° 52' 46,94''	8° 31' 12,60''	20,00	0,00	
42° 52' 43,27''	8° 31' 16,54''	0,00	10,00	
42° 52' 41,04''	8° 31' 18,91''	30,00	0,00	
42° 52' 39,87''	8° 31' 22,43''	20,00	0,00	
42° 52' 38,21''	8° 31' 25,72''	0,00	120,00	
42° 52' 36,20''	8° 31' 30,39''	40,00	0,00	
TOTAL		7522,04	876,40	Canle estudado: 8398,44 m
PORCENTAXE		90%	10%	

No río Sar, no seu tramo no concello de Santiago de Compostela, dos 8398,44 m estudados, presentan cobertura arbórea no canle 7522,04 m e 876,40 m carecen dela, polo que o 90% da ribeira ten cobertura arbórea e só o 10% non .


RÍO SARELA

COORDENADAS		COBERTURA	NON COBERTURA	
NORTE	OESTE	(metros)	(metros)	
42° 52' 42,75''	8° 33' 48,73''	0,00	19,60	
42° 52' 42,25''	8° 33' 45,32''	45,45	0,00	
42° 53' 58,57''	8° 32' 03,77''	0,00	48,39	
42° 53' 58,32''	8° 32' 03,26''	5,00	59,97	
42° 52' 59,53''	8° 32' 59,85''	16,20	73,50	
42° 53' 03,16''	8° 32' 55,74''	375,40	163,29	
42° 46' 06,69''	8° 39' 45,32''	395,55	0,00	
42° 46' 01,56''	8° 39' 29,29''	395,55	0,00	
42° 46' 07,56''	8° 39' 44,36''	208,87	0,00	
42° 55' 02,20''	8° 33' 11,50''	20,00	0,00	
42° 55' 04,34''	8° 33' 11,56''	0,00	40,00	
42° 55' 04,34''	8° 33' 14,22''	25,00	0,00	
42° 55' 13,95''	8° 33' 12,22''	0,00	10,00	
42° 55' 12,57''	8° 33' 09,50	200,00	0,00	
TOTAL		1687,02	414,75	Canle estudado: 2101,77 m
PORCENTAXE		80%	20%	

No río Sarela, no seu tramo no concello de Santiago de Compostela, dos 2101,77 m estudados, presentan cobertura arbórea no canle 1687,02 m e 414,75 m carecen dela, polo que o 80% da ribeira ten cobertura arbórea e só o 20% non.

DATOS DO RÍO SAR E SARELA	COBERTURA	NON COBERTURA	CANLE ESTUDADO
	(metros)	(metros)	(metros)
TOTAL río Sar.....	7522,04	876,40	8398,44
TOTAL río Sarela....	1687,02	414,75	2101,77
TOTAL río Sar + río Sarela...	9200,06	1291,15	10500,21
PORCENTAXE río Sar + río Sarela	88%	12%	

Dos 10500,21m estudados do río Sar e Sarela, presentan cobertura arbórea no canle 9200,06 m e 1291,15 m carecen dela, polo que o 88% da ribeira ten cobertura arbórea e só o 12% non.



Conclusións

- 1) Os bosques de ribeira nos ríos Sar e Sarela están ben representados. Dos 10500,21 metros estudados presentan cobertura arbórea o 88%.
- 2) A ribeira do canle do río Sar ten unha cobertura arbórea do 90% nun tramo de 8.398,44 m.
- 3) A ribeira do canle do río Sarela ten unha cobertura arbórea do 80% nun tramo de 2101,77 m.
- 4) Debemos conservar a cobertura arbórea nestes niveis para manter o canle do Sar e Sarela en bo estado.

Bibliografía

BAHILLO , L & GÓMEZ, P (2000) Estudio medioambiental de los ríos Sar y Sarela a su paso por Santiago de Compostela. *Boletín de ENCIGA*, 42, págs. 5-15 (2000).

SÁNCHEZ MATA, D & FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F (1989). Bosques potenciales. El libro rojo de los bosques españoles. 25 -66. Adena – WWF España.

SÁNCHEZ MATA, D & FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F (1989). Bosques actuales. El libro rojo de los bosques españoles. 67 -108. Adena – WWF España.